

# Concello de Vimianzo

## MINUTA-BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE VIMIANZO DE DATA 27/06//2014

Na vila de Vimianzo, ás vinte horas e trinta minutos do día vinte e sete de xuño de dous mil catorce, na sala de sesións da casa do Concello, constitúese en primeira convocatoria o Pleno do Concello ó obxecto de levar a cabo a sesión extraordinaria convocada para este día.

Asisten os seguintes membros:

D. Manuel Antelo Pazos, alcalde  
D. Fernando Mancebo Amigo  
D.<sup>a</sup> María José Ramos Rey  
D. José Trillo Lema  
D. José Antonio Miñones Riveiro

Ausentes:

D. Manuel Soto Pérez  
D.<sup>a</sup> Mónica Rodríguez Ordoñez  
D.<sup>a</sup> María Carmen Hermida Tomé  
D. Juan Carlos Amado Sambade  
D. José Manuel Pérez Trillo  
D. José Manuel Rodríguez Blanco  
D.<sup>a</sup> Montserrat Vázquez Miñones

Secretaria: D.<sup>a</sup> María Cristina Varela García

Interventora: D.<sup>a</sup> Gema Leal Ínsua

De seguido comézase coa deliberación dos asuntos da Orde do Día.

### **1. Modificación da dedicación exclusiva ás tarefas da Alcaldía.**

O alcalde explica que se trata dun pleno convocado a instancia da oposición (cita aos concelleiros), solicitude atendida por Resolución da Alcaldía núm. 725/2014, na que se motiva a inclusión dun único punto na orde do día: modificación do soldo do alcalde. Dalle a palabra á secretaria para que lea o ditame da comisión informativa.

Dase conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Seguridade, Servizos e Asuntos Xerais, de data 24 de xuño de 2014, que na súa parte dispositiva di:

*"(...) Ao non haber máis intervencións, sómese o asunto a votación, resultando que a Comisión Informativa Permanente de Réxime Interior, Seguridade, Servizos e Asuntos Xerais, con dous votos en contra (BNG), ningún voto a favor e tres abstencións (PSdeG-PSOE, IxV e PP), ditamina desfavorablemente a seguinte proposta de acordo:*

*"1.- Modificar a dedicación exclusiva ás tarefas do cargo de Alcalde, recoñecida a don Manuel Antelo Pazos por acordos corporativos precedentes. Estabeecer unha adicación de dúas horas diarias de luns a venres (40 horas mensuais).*

*2.- Modificar a retribución asignada. Fixar unha retribución de 600€ mensuais.*

*3.- Dar de baixa no réxime da seguridade social a adicación completa e dar de alta esta adicación a tempo parcial, en canto que proceda conforme a lexislación da seguridade social.*

*4.- Adicar os aforros xerados a uin Plan de investimentos no marco das competencias propias ou delegadas que será aprobado Polo Pleno da Corporación."*

O alcalde explica que este asunto xa foi abordado noutra sesión extraordinaria solicitada por tres destes concelleiros máis outro, celebrada o 16 de maio, onde o compromiso era esperar a que se dotase a praza de secretaría cun habilitado estatal e solicitarlle un informe ao respecto, e o alcalde así o fixo. Pero sen darlle tempo a emitir ese informe se solicita outro pleno extraordinario polos mesmos concelleiros con outra proposta, o que introduce o problema de cal é a proposta que se vai abordar. O alcalde sinala que existen unha serie de criterios ao respecto deste asunto que se recollen basicamente en dous informes: o da Deputación – que xa se solicitara para o pleno anterior – e o da habilitada que ocupa a praza de secretaría – que aborda varias cuestións e conclúe se se axusta ou non a dereito a proposta –. A primeira cuestión que se aborda é a do órgano competente, lendo o alcalde o fragmento do informe, que se transcribe literalmente:

“(…) Do teor literal da lexislación vixente hai que concluir que se ben é competencia do Pleno a determinación da relación de cargos corporativos que deban desempeñarse en dedicación exclusiva, así como a cuantía que a cada un corresponda, tal acordo só pode ser adoptado *“a proposta do Presidente”* (art. 13.4 ROF). “

Indica que é o mesmo sucedeu co debate dos orzamentos, cuxa iniciativa corresponde ao alcalde aínda que é o pleno quen os aproba.

Outro dos aspectos que se analiza é a motivación do acordo, o mesmo que dicía o informe da Deputación. Le textualmente o fragmento referido á motivación:

“(…)Aplicando esta doutrina ao que caso que somete á nosa consideración, pode concluirse que, de conformidade coa lexislación vixente e a interpretación que da mesma ofrece a xurisprudencia, é competencia do Alcalde propor o establecemento ou a modificación do réxime de adicacións e retribucións dos membros da corporación, proposta que debe ser aprobada polo Pleno.

(…) Á vista da normativa que regula a materia, pode afirmarse que a compensación económica polos gastos causados ou a remuneración do traballo realizado polos representantes locais en ningún caso habería de derivar de finalidades alleas ás que contempla a propia norma (compensación polo traballo desempeñado), pois en tal circunstancia constituiría unha desviación de poder proscriba polo ordenamento xurídico.

(…) Así pois, os motivos expostos na proposta de acordo para proceder á suspensión da adicación exclusiva e polo tanto da remuneración (todos de índole político-partidaria), non son válidos para adoptar o mencionado acordo, posto que se desvían da finalidade prevista normativamente para fixar ditas retribucións: que a compensación económica se ha de fixar en atención ás funcións desempeñadas polos representantes locais.”

Conclúe o seguinte respecto das consecuencias que votar dito acordo:

“(…) No hipotético caso de que chegara a someterse a votación esta proposta, alén da invalidez do acordo, os concelleiros que votaran a favor da mesma incorrerían tamén en responsabilidade penal xa que *os corporativos que sabedores da súa ilegalidade contribúan co seu voto á adopción destes acordos estarían cometendo un delito de prevaricación”*.

O alcalde entende que existen unha serie de argumentos xurídicos para concluir que a proposta non se axusta ao ordenamento xurídico, pero aparte diso hai unha serie de argumentos políticos que hai que abordar. Afirmo que dende o ano 1992 o alcalde ven tendo dedicación exclusiva, e mesmo un dos asinantes, o Sr. Rodríguez Blanco, veu cobrando unha dedicación parcial, que suma máis de 160.000 euros nos últimos anos. Reitera que un dos obstáculos para o pacto do PSOE foi a esixencia de que a Sra. Vázquez Miñones tivera dedicación parcial. Considera que esta proposta forma parte dunha estratexia de acoso e derribo ao goberno, pois mesmo esta semana lle presentaron unha denuncia porque non foi adiante a moción de censura. Pedían que as



# Concello de Vimianzo

catro persoas denunciadas foran chamadas a declarar como imputados, e entende que o feito de que só chamen a declarar ao alcalde é unha garantía de que as cousas se fixeron ben. Anuncia que vai declarar como imputado porque ao ser denunciado ten que ir nesa condición, e sinala que é probable que o chamen a declarar en máis procesos. Di que a política non se fai nos xulgados, senón no concello, dende o goberno e dende a oposición. Lembra que cando estiveron na oposición non se dedicaron a levar ao goberno aos xulgados. Considera unha falta de respecto non acudir ao pleno que eles mesmos solicitaron. Pensa que non teñen o suficiente valor e sinceridade para contrastar con argumentos este asunto, pois ninguén lles impediu vir a este pleno. Di que a excusa que puxeron é digna de escoitar, por exemplo, cita: que o alcalde non representa ao concello porque non acudiu a unha final de copa dos xuveniles, á comida das palilleiras... Di que se esa é a única crítica que lle fan, da pena, e se non acudiu é porque estaba noutra cita con xente de Vimianzo. Continúa citando: que se arroga competencias para rexistrar documentos e emitir recibos de auga. Di que calquera sabe que o alcalde non pode facer esas cousas. Tamén se di que se desmantela o servizo de urbanismo e os servizos sociais, ou mesmo o servizo de augas. Di que eso é mentira, e lembra que cando chegaron ao concello viron que tódolos verquidos eran ilegais e estanse dando de alta; que mesmo no tema da electricidade, pois ~~había instalación sen dar de alta, unha delas a depuradora ao carón da casa do Sr. Rodríguez Blanco.~~ Din que non convoca reunión e tamén é falso, pois eles teñen a iniciativa. Falan de que deixan as denuncias do caixón (tanatorio de Baíñas, asunto Padreiro, etc.), e di o alcalde que non lle gustan os conflitos cos veciños, lembrando o aforismo de que é mellor un mal acordo que un bo pleito, pero cando hai que actuar o alcalde impulsa os expedientes e os funcionarios teñen que ir confeccionando os informes, e ata que non estean todos non se pode resolver. Descoñece o alcalde que problema teñen co tanatorio de Baíñas, e sinala que o considera un servizo importante aínda que sexa un negocio privado. Entende que debe colaborar en que ese servizo funcione, porque é moi demandado polos veciños, e non poñerlle trabas. Seguen dicindo que o goberno non respeta as ordenanzas municipais cando foron talar os eucaliptos da Piroga, e o alcalde considera que eso é ensañarse cun desgraciado accidente, no que afortunadamente non houbo danos irreparables, e hoxe en día esa obra rematouse. Acúsano de non rematar obras : A Piroga, Tras do Ceán, o centro sociocultural... respecto desa última di que non están satisfeitos de cómo quedou esa obra, pero conseguiron resolver o contrato e agora estase licitando e vaise arranxar, e recoñece que se arranxaría mellor se non houbera trabas por parte do contratista, que é amigo dos señores da oposición. Di que hai outras acusacións que van mirar ben porque son cousas moi serias, como dicir que se detectaron falsificacións de documentos. Conclúe que as argumentacións da oposición non teñen pés nin cabeza, e son propias de quen non ten intención de solucionar os problemas dos veciños, pois a Corporación debía estar ocupada en resolver os asuntos importantes e non esta clase de asuntos.

O alcalde remata a súa intervención dicindo que pouco máis hai que dicir posto que os censores que pediron a celebración deste pleno non están presentes.

O público aplaude.

O alcalde dalle a palabra ao Sr. Miñones.

O voceiro socialista di que estamos unha vez máis dando unha imaxe dantesca que lle da pena, cun pleno que non solicitou o PSOE, senón outros grupos políticos. Di que non tivo tempo de analizar detidamente os informes xurídicos, tanto da Deputación como da secretaria, pero fíase deles. Non obstante, di que aínda que non se fiara deles non lle fai falta porque as características do concello de Vimianzo requiren que o alcalde teña dedicación exclusiva. De feito sinala que el foi concelleiro con dedicación parcial e facía boa falta. Afirmar que o alcalde non ten que estar dúas horas ao día, senón as vinte e catro horas ao servizo dos veciños de Vimianzo, con independencia das horas de presenza no concello que lle correspondan. Di que o PSOE, con independencia do partido político do alcalde, considera que debe ter dedicación exclusiva, aínda

que sí se pode discutir se cobra moito ou cobra pouco. Pide que non se ofrezca esta imaxe día tras día, que se queren sacar ao soldo ao alcalde que llo quiten dunha vez. Repite que o PSOE espera que o alcalde lle dedique todo o tempo aos veciños, e considera que non se pode estar criticando que o concello está parado e non se dan licenzas nin se fai nada e pretender que o alcalde estea dúas horas diarias, porque daquela sí que vai estar parado.

O público aplaude a intervención do Sr. Miñones Riveiro.

O alcalde di que lle vai dar lectura a un escrito que presentaron ás 14:45 horas de hoxe, con RE 5031:

“Doña Mónica Rodríguez Ordóñez, DNI 79.324.409-P, Don José Manuel Rodríguez Blanco, con DNI 32.807.958-E doña Montserrat Vázquez Miñones, con DNI 32.808.626-T como membros da corporación e habendo solicitado un pleno extraordinario o día 10 de xuño de 2014 con 17 puntos, expoñemos que:

1/ Que na solicitude do pleno extraordinario que realizamos figuraban un total de 17 puntos, a maior parte deles destinados a fiscalizar e controlar as obras que se realizan no concello, e que por diversos motivos ningunha segue o canle normal, dende claros defectos de execución ata retrasos inxustificadas, partidas non executadas, incluso o alcalde facendo caso omiso os informes externos que solicitou, escamotea da orde do día ditos puntos.

2/ Por outra banda a secretaria do concello de Vimianzo, en quen anida unha enemistad manifesta contra os membros do pleno que non conforman o goberno ou o sosteñen, lonxe de absterse de evacuar informes, xa que recaen sobre ela causas fundadas de abstención ou recusación, elabora un informe “ad hoc” realizando xuízos de valor que non lle corresponden e que buscan unicamente coartar e amedrentar a liberdade dos membros do pleno co fantasiosas querellas que serán sufragadas entre todos os veciños realizando a campaña dos aspersores por quen máis “enfangado” está o sr Antelo, que estrena a condición de imputado traxe que se lle vai facer habitual ata que remate condenado e afastado das institucións. Quen presume pola democracia esta devólvelle bofetadas e só é cuestión de tempo.

3/ Que estes feitos que xa veñen sendo por desgraza habituais no concello de Vimianzo, constitúen unha vez máis a violación dos dereitos e liberdades fundamentais de todos os concelleiros.

4/ Que afortunadamente para a democracia existen organismos nos cales reclamar a efectividade destes dereitos, son procesos lentos e farragosos e que non contribúen a normalizar a vida política do concello de Vimianzo, pero é de todo punto intolerable para a democracia permitir actuación ditatoriais sen revirarse contra tal inxustiza, motivos polos cales adoptaranse as accións legais pola vía penal contra os responsables dos dereitos fundamentais vulnerados.”

O alcalde cre que hai que facer política, non levar os asuntos pola vía penal, e afirma: “sinceramente, este goberno non rouba, e non digo máis.” Pon que manifesto as contradicións da oposición: piden un pleno e non veñen. Respecto as querellas anunciadas contra funcionarios, di que cando un funcionario, neste caso a secretaria, fai un informe, asume unhas responsabilidades, porque ten a súa firma. Se alguén está en desacordo, que presente outro, pero non que difame nin amenace. Afirma que quen presenta querelas son eles, e se o alcalde ou algún funcionario teñen que ir declarar é porque eles denunciaron.

Considera que non hai máis que dicir sobre este asunto e anuncia a votación. Di que o seu grupo vai votar en contra.

O Sr. Miñones afirma que o grupo socialista tamén.


O alcalde sinala que se rexeita a proposta, por unanimidade dos membros presentes.



# Concello de Vimianzo

E non tendo máis asuntos que tratar, sendo as vinte horas e cincuenta e sete minutos, pola presidencia dase por rematada a sesión da que se estende esta minuta- borrador a reserva dos termos que resulten da súa aprobación, en Vimianzo, o vinte e sete de xuño de dous mil catorce.

O ALCALDE



A SECRETARIA



